



**ESTRATEGIA DE EDUCACIÓN
ARQUITECTURA SEN FRONTEIRAS GALICIA**

PERÍODO 2020-2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
Presentación	3
Estrutura do plan estratéxico	3
Seguimento do plan estratéxico	3
2. REFERENCIA ARQUITECTURA SEN FRONTEIRAS ESPAÑA	4
Misión	4
Visión	4
Valores	4
3. MARCO ACTUACIÓN	6
Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	6
Coordinadora Estatal de ONGD	6
Coordinadora Galega de ONGD	7
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea	7
4. LIÑAS ESTRATÉXICAS	8
Cohesión	8
Reflexión	8
Proxectos	8
Visibilización e alianzas	9
5. OBXECTIVOS	10
6. TAREFAS	11
7. INDICADORES	13

1. INTRODUCCIÓN

Presentación

O presente documento resume a planificación estratéxica do grupo de traballo de Educación para o Desenvolvemento (EpD) de Arquitectura Sen Fronteiras (ASF) Galicia para os próximos anos, 2020-2024. As conclusións aquí recollidas son froito do debate e reflexión realizada polo grupo de traballo durante o ano 2019.

O documento, con vocación externa e informativa, está destinado a colaboradoras, entidades de financiamento, persoas socias e voluntarias así como aquelas interesadas no traballo de Educación de Arquitectura Sen Fronteiras Galicia.

Con esta planificación estratéxica o grupo de Educación para o Desenvolvemento de Arquitectura Sen Fronteiras Galicia pretende seguir mellorando as súas intervencións para acadar unha cidadanía máis xusta e comprometida.

Estrutura do plan estratéxico

Os obxectivos específicos que se desenvolven nesta estratexia están divididos en catro bloques sectoriais que permiten agrupalos segundo o eido que pretenden acadar.

Intervencións. Son os obxectivos que definen o tipo de proxectos e accións que Arquitectura Sen Fronteiras planea para desenvolver proxectos de Educación en Galicia.

Financiamento. Son os obxectivos acordados relacionados con obtención de financiamento necesario para a execución de proxectos e actividades

Procesos. Son os obxectivos que establecen as metodoloxías de traballo do equipo de Educación.

Aprendizaxe. Son os obxectivos relativos á mellora das capacidades internas do grupo de traballo de Educación para o Desenvolvemento de Galicia.

Seguimento do plan estratéxico

Para darlle seguimento ao plan estratéxico elabórase un plan operativo anual que detalle as iniciativas estratéxicas durante os anos de vixencia do presente plan.

2. REFERENCIA ARQUITECTURA SEN FRONTEIRAS ESPAÑA

Misión

Traballar na mellora da habitabilidade e a defensa do dereito das persoas a un hábitat digno promovendo o desenvolvemento humano equitativo e sostible.

Visión

ASF será unha ONGD de referencia na construción do Dereito ao hábitat e a cidade tanto en España como nos países nos que traballamos.

- Considerando ás comunidades como motores do cambio nas súas condicións de hábitat, promovendo os procesos participativos a través de proxectos que xurdan das súas demandas, necesidades e desexos.
- Realizando intervencións que sexan eficaces e sostibles, a través do uso de tecnoloxías e solucións apropiadas e apropiables adecuadas ao contexto local e respectuosas co medio ambiente.
- Enfocando os nosos proxectos como ferramentas da transformación social orientados á mellora das condicións de vida, con perspectiva de xénero e empoderamento dos colectivos mais vulnerables.
- Realizando accións de sensibilización para xerar conciencia social e denuncia da vulneración dos dereitos ao hábitat e/o a cidade.
- Tecendo relacións con axentes de desenvolvemento a nivel nacional e internacional que nos permitan traballar en rede.
- Estando presente en todos os nosos proxectos o intercambio e a xestión do coñecemento coas comunidades locais empoderándoas e fomentando a cooperación horizontal.
- Fomentando a transferencia do noso coñecemento e valores tanto no mundo académico como en calquera outro ámbito formativo.
- Compartindo coa sociedade os coñecementos, experiencias e proxectos realizados.

Valores

- Democrática e horizontal: Participación plena de tódalas persoas socias, voluntarias e contratadas.
- Transparencia: Temos un compromiso de rendición de contas cara as nosas partes interesadas, en especial aos nosos financiadores, socio/as e contrapartes locais, como requisito para a confianza.
- Independenza: A organización desempeña a súa labor con total autonomía de decisión e actuación.
- Eficiencia e eficacia: Buscamos alcanzar os obxectivos propostos atendendo á optimización dos recursos económicos, materiais e persoais dos que dispoñemos.
- Participación: Temos unha actitude de escoita, e entendemos o valor derivado das contribucións e aportacións das nosas partes interesadas, polo que promovemos a súa participación nos nosos procesos.
- Traballo en rede: Coordinar esforzos con outras organizacións afíns, tanto nacionais coma internacionais, para multiplicar os resultados e xerar unha retroalimentación colectiva.

- Voluntariado: Creemos no compromiso e o aporte voluntario como medio de transformación social e realización persoal.
- Solucións axeitadas: Apostamos por aplicar na execución e xestión de nosos proxectos, as solucións e tecnoloxías máis axeitadas, eficientes, sostibles e adaptadas a cada contexto e cultura.
- Independenza Política e Relixiosa: A Asociación non se vincula a ningún partido político nin a ningún credo ou tendencia relixiosa. Tampouco discrimina a ningunha parte interesada por motivos políticos ou relixiosos.

3. MARCO ACTUACIÓN

O traballo no que se enmarca o grupo de traballo de EpD dentro de ASF Galicia ten coma referencia diferentes entidades que veñen traballando nos eidos da cooperación, o dereito ao hábitat e os dereitos humanos:

Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

En setembro de 2015 a Asemblea das Nacións Unidas aprobou esta Axenda co fin de acadar o fin da pobreza, preservar o planeta, xerar unha prosperidade compartida, promover a paz e construír alianzas.

Dentro dos 17 obxectivos marcados, atópanse en relación directa co noso traballo en EpD o ODS 5 (igualdade de xénero) e o ODS 11 (cidades e comunidades sostibles). Tamén de forma máis indirecta traballamos o ODS 4 (garantir unha educación inclusiva e de calidade) e o ODS 16 (promover sociedades pacíficas e inclusivas no desenvolvemento sustentable).

Aínda así, tódolos obxectivos encóntranse relacionados entre si, dado que son integrais e non se poden cumprir na súa totalidade se non se cumpren todos.

Tódolos obxectivos teñen metas e indicadores. Destes cabe resaltar de cara á EpD os seguintes:

4.1 De aquí a 2030, asegurar que todas as nenas e todos os nenos rematen a ensinanza primaria e secundaria, que debe ser gratuíta, equitativa e de calidade; e producir resultados de aprendizaxe pertinentes e efectivos.

4.5 De aquí a 2030, eliminar as disparidades de xénero na educación e asegurar o acceso igualitario a tódolos niveis do ensino e á formación profesional para as persoas vulnerables, incluídas as persoas con discapacidade, os pobos indíxenas e os nenos en situacións de vulnerabilidade.

4.7 De aquí a 2030, asegurar que tódolos alumnos adquiran os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible, entre outras cousas mediante a educación para o desenvolvemento sostible e os estilos de vida sostibles, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura ao desenvolvemento sostible.

5.1 Poñer fin a tódalas formas de discriminación contra todas as mulleres e as nenas en todo o mundo.

5.4 Recoñecer e valorar os coidados e o traballo doméstico non remunerados mediante servizos públicos, infraestruturas e políticas de protección social, e promovendo a responsabilidade compartida no fogar e a familia, según proceda en cada país.

5.5 Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderazgo a tódolos niveis decisorios na vida política, económica e pública.

11.3 De aquí a 2030, aumentar a urbanización inclusiva e sostible e a capacidade para a planificación e a xestión participativa, integrada e sostenible dos asentamentos humanos en tódolos países.

16.7 Garantir a adopción en tódolos niveis de decisións inclusivas, participativas e representativas que respondan ás necesidades.

Coordinadora Estatal de ONGD

No seu marco estratéxico 2019-2022 propón avanzar cara unha cidadanía global crítica e participativa. Remarca a importancia de incorporar as demandas e mobilizacións sociais existentes cunha perspectiva global das desigualdades e a súa conexión con realidades locais.

As liñas estratéxicas a destacar dentro deste marco teñen que ver con feminismos, transversalización de políticas de xénero interno e externo; máis conexión co local, xuventude, crise ecosocial e elaboración de novos relatos e novos mecanismos de comunicación para chegar a sectores activos e non activos.

Outro cambio que propon a coordinadora é implementar a Axenda 2030 no marco de traballo das ONGD.

Coordinadora Galega de ONGD

No Plan Estratéxico da Coordinadora para os anos 2017-2020 promove no obxectivo 2 a Educación para a Cidadanía Global, propoñendo tres resultados:

R1-Consolidado o enfoque de EpCG nas ONGD e nos órganos membro da Coordinadora.

R2-Fomentada unha cidadanía galega comprometida coa loita contra as desigualdades.

R3-Impulsadas accións de incidencia para incorporar a EpCG nas políticas públicas en materia de educación.

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Dentro do ámbito autonómico a Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, que regula o exercicio da competencia en materia de cooperación ao desenvolvemento por parte da comunidade autónoma galega e as entidades locais que esta comprende; a Educación para o Desenvolvemento abórdase como obxectivo xeral, como prioridade sectorial e como instrumento desta política autonómica.

No IV Plan director de la cooperación galega 2018-2021 plantexa cinco ámbitos estratéxicos. O quinto ámbito refírese á Educación para a Cidadanía Global, no que propón construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.

4. LIÑAS ESTRATÉXICAS

Tras unha reflexión por parte das persoas que compoñen o grupo de EpD de ASF Galicia acordouse traballar na serie de liñas estratéxicas que se presentan a continuación.

Cohesión

Buscarase que o traballo dentro do grupo fágase en común, de forma sostible e para recoñecer ás persoas. O grupo centrarase nas seguintes cuestións:

- Coidados: Xestionarase o grupo tendo en conta a todas as persoas voluntarias, tratando de que se sintan comprometidas, valoradas e motivadas dentro do grupo.
- Cohesión: Os proxectos axustaranse aos tempos e dispoñibilidade do voluntariado. Xeraranse canles de transmisión con outros grupos de traballo da ONGD para ser unha referencia no marco da educación dentro da entidade.
- Celebración: Propiciaremos espazos lúdicos para que a relación das persoas voluntarias vaia máis alá dunha relación de traballo ou activista.

Reflexión

Traballarase de cara a ter unha base sobre a que poder construír de forma común os procesos e accións da entidade. Será mediante unha metodoloxía de pensar, facer e avaliar; buscando sempre a mellora continua.

- Aprender procesos: Manteremos reunións internas para avaliar os proxectos unha vez rematados. Destas reunións sairá documentación escrita que nos permita saber que se aprendeu de cada proxecto e aplicar estas experiencias nos seguintes proxectos.
- Continuar formación: Faremos formacións internas que satisfagan as inquiredanzas das diferentes persoas durante o seu ciclo de voluntariado, permitindo incorporar metodoloxías e recursos de traballo de cara a mellorar as accións levadas a cabo dentro do grupo. Neste traballo seguirase a cooperar co grupo de traballo de Voluntariado e Formación de Arquitectura Sen Fronteiras Galicia.
- Aprender entre nós: Para coidar, recoñecer e aprender de cada persoa do grupo indagarase nos seus talentos para poder visibilizalos.

Proxectos

Buscarase facer proxectos que permitan a implicación proactiva de tódalas persoas do grupo promovendo a reflexión, a experimentación e o pensamento crítico en temas referentes ao Dereito ao Hábitat.

- Investigar: Crearase por parte dun grupo motor un documento marco cunha estrutura que defina unha liña ou liñas de investigación. Desta forma contaremos cun marco conceptual compartido por tódalas persoas do grupo que xere incidencia política.
- Dimensionar actividades e accións: Focalizaremos as nosas actividades para que sexan adecuadas dentro das capacidades, recursos, intereses e tempos das persoas que forma o grupo.
- Actividades “vida”: Para aprender das persoas do grupo e acollelas nun ambiente adecuado, buscaremos reflexionar de forma grupal acerca das necesidades e compromisos que cada persoa do grupo ten e pode asumir.

Visibilización e alianzas

Buscaremos mellorar a comunicación no eido externo ao grupo para amosar a existencia e necesidades da Educación para o Desenvolvemento na sociedade, buscando que o grupo sexa un vehículo de referencia neste campo para outros axentes. Desta forma buscarase manter e mellorar as redes creadas dende a creación do grupo, para ter visións transdisciplinares á nosa organización.

- **Sistematizarnos:** Faremos un Dossier cos nosos proxectos onde recolleremos información accesible a calquera persoa ou entidade interesada no noso traballo.
- **Accións públicas:** Continuaremos a traballar na difusión do traballo do noso grupo de cara a xerar alianzas e compartir experiencias con entidades afíns á nosa.
- **Presentarnos:** buscaremos ter reunións periódicas cos nosos financiadores para que saiban o traballo que faise na ONGD cos recursos que nos aportan.
- **Fortalecer relación coa UDC:** Tras os resultados satisfactorios obtidos nos últimos anos nos proxectos en consorcio coa UDC o grupo de EpD buscará seguir traballando coa UDC. Desta forma o alumnado da universidade (especialmente o da Facultade de CC. da Educación) poda replicar no seu futuro profesional as nosas ferramentas e recursos.
- **Avanzar e crecer co Proxecto Terra:** Tras a cesión da xestión do Proxecto Terra por parte do Colexio de Arquitectos de Galicia á nosa ONGD, o noso grupo aproveitará esta ferramenta para tecer unha rede de cooperación co profesorado da comunidade autónoma de Galicia que permita replicar o noso traballo no eido da educación regrada.
- **Recoñecer outras entidades:** Buscarase participar en actividades e eventos doutras ONGDs e organizacións afíns para recoñecer e poñer en valor o traballo das outras entidades e ao mesmo ter incidencia en aquelas accións que realizamos.

5. OBXECTIVOS

- 1. Manter un equipo cohesionado, motivado e resiliente cunha visión común.**
 - 1.1. Participar en celebracións fora do espazo de traballo.
 - 1.2. Recoñecer a diversidade das persoas que compoñen o grupo a través das súas cualidades.
 - 1.3. Xestionar os conflitos para xerar un crecemento grupal.
- 2. Ter unha base sobre a que construír en común o noso marco conceptual, de procesos e de accións; pensando, facendo e avaliando (mellora continua).**
 - 2.1. Aprender a partir das avaliacións dos proxectos.
 - 2.2. Promover formación continua ás persoas do grupo.
 - 2.3. Integrar os intereses e talentos das persoas dentro dos procesos de reflexión.
 - 2.4. Aprender dos coñecementos e talentos das persoas que compoñen o grupo.
- 3. Implicar a tódalas persoas do grupo promovendo a reflexión, experimentación e pensamento crítico en temas referentes ao hábitat.**
 - 3.1. Crear un marco conceptual compartido por tódalas persoas.
 - 3.2. Adecuar aos tempos e intereses das persoas, as actividades e accións do grupo.
 - 3.3. Acoller e formar ás persoas a partir das necesidades do grupo.
 - 3.4. Ser consciente de forma individual do aporte ao grupo que se pode asumir, e desta forma xerar accións sostibles.
 - 3.5. Analizar de forma grupal as prioridades e compromisos.
- 4. Recoñecer o dereito ao hábitat como parte dunha educación transformadora coidando das redes creadas e incorporando outras visións transdisciplinares.**
 - 4.1. Sistematizar procesos e proxectos realizados.
 - 4.2. Difundir proxectos/accións que se levaron a cabo no grupo de EpD para reivindicar e fortalecer a importancia do traballo na educación.
 - 4.3. Crear alianzas con organizacións, colectivos ou institucións relacionadas coa EpD, poñendo en valor o seu traballo.
 - 4.4. Incluír a educación no novo Plan Estratéxico de ASFES.
 - 4.5. Formar ao profesorado e difundir desta forma a Educación para o Desenvolvemento.

6. TAREFAS

- 1.1.1. Crear unha “comisión de festas” xunto ao equipo de Formación e Voluntariado para organizar as celebracións.
- 1.1.2. Facer actos festivos cunha periodicidade trimestral.

- 1.2.1. Facer formacións internas acerca da diversidade.
- 1.2.2. Fomentar presentacións de novas persoas voluntarias; quen son, que lles gusta, que poden aportar.
- 1.2.3. Recoñecemento das persoas que participaron en accións ou proxectos.

- 1.3.1. Facer reunións específicas para crear mapas de conflitos.
- 1.3.2. Detectar situacións de conflito ao inicio das reunións do grupo.
- 1.3.3. Contar cunha persoa ou equipo que facilite as situacións de conflito.

- 2.1.1. Tras o peche dun proxecto facer unha reunión de avaliación e peche.
- 2.1.2. Facer reunións intermedias invitando a persoas expertas que nos aporten a súa visión.

- 2.2.1. Continuar coas accións de formación continuas que se fixeron ata o momento.
- 2.2.2. Definir os intereses teóricos do grupo.
- 2.2.3. Manter o seminario anual do grupo como fonte desa teoría definida.

- 2.3.1. Facer talleres dinamizados antes de comezar a formular un proxecto de cara a coñecer os desexos e intereses das persoas do grupo.

- 2.4.1. Píldoras de autoformación dende o grupo.

- 3.1.1. Crear un grupo motor que elabore un documento marco e unha estrutura na que se defina unha liña ou liñas de investigación.

- 3.2.1. Focalizar actividades según o grao de compromiso das persoas voluntarias.
- 3.2.2. Simplificar as distintas tarefas que se realizan.
- 3.2.3. Lista de “Perfís/tarefas” do voluntariado para facilitar o traballo do grupo.

- 3.3.1. Buscarase dende un primeiro momento incluír ás novas persoas voluntarias en formacións e actos lúdicos.

- 3.4.1. Reflexión persoal e posta en común das necesidades propias do voluntariado.

- 3.4.2. Crear a figura de responsable de actividade para mellorar a xestión dos proxectos; permitindo o empoderamento de cada persoa voluntaria.

- 4.1.1. Crear un Dossier interno con conclusións-aprendizaxes de experiencias de cara a mellora do traballo no grupo.
- 4.1.2. Rexistro de actividades educativas de cara a sistematizar e traballar de forma máis eficiente.

- 4.2.1. Actualizar o Dossier do grupo.
- 4.2.2. Potenciar a páxina web como ferramenta para crear contidos para a comunicación externa.
- 4.2.3. Presentar polo menos un artigo ao ano para un congreso.
- 4.2.4. Montar unha exposición para celebrar os 10 anos do grupo.

- 4.3.1. Participar en eventos doutras organizacións.
- 4.3.2. Gravar Podcast con entidades afíns.
- 4.3.3. Establecer reunións con responsables de organizacións, colectivos ou institucións de cara a facer proxectos conxuntos.

- 4.4.1. Colaborar na elaboración do Plan Estratéxico de ASFES.

- 4.5.1. Incorporar o dereito ao hábitat no Proxecto Terra.
- 4.5.2. Colaborar na difusión do dereito ao hábitat coa UDC mediante diversas accións.

7. INDICADORES

Indicadores Obxectivo 1:

- I.1.1. Celebración de actos festivos de forma trimestral.
- I.1.2. Alo menos unha formación acerca da diversidade e formas de integrala nun grupo de traballo.
- I.1.3. Documento de detección e resolución de conflitos.

Indicadores Obxectivo 2:

- I.2.1. Acta reunión aprendizaxe intermedia e final de proxectos.
- I.2.2. Formacións internas bianuais para as persoas voluntarias de ASF.
- I.2.3. Seminario de forma anual.
- I.2.4. Taller grupal de intereses das persoas do grupo de EpD antes de comezar un proxecto.
- I.2.5. Mantemento da Biblioteca dentro do Drive do grupo.

Indicadores Obxectivo 3:

- I.3.1. Publicación documento marco de investigación.
- I.3.2. Documento sobre intereses e dispoñibilidade do voluntariado.
- I.3.3. Protocolo de acollida para novas persoas voluntarias.
- I.3.4. Organigrama co reparto de actividades dun proxecto.

Indicadores Obxectivo 4:

- I.4.1. Dossier interno con conclusións extraídas dos proxectos do grupo.
- I.4.2. Dossier externo actualizado e publicado na web de ASF.
- I.4.3. Publicación na web con periodicidade mensual de Podcasts, artigos ou actividades de interese.
- I.4.4. Envío anual de polo menos un artigo para un Congreso con temática afín ao traballo do grupo.
- I.4.5. Realización da exposición dos 10 anos do grupo.
- I.4.6. Reunión anual con entidades afíns e Podcast con estas.
- I.4.7. Participación activa en reunións de ASFES para a elaboración do Plan Estratéxico.
- I.4.8. Memoria de actividades do Proxecto Terra onde se amose o enfoque de Dereito ao Hábitat.
- I.4.9. Manter dentro do grupo actividades na que participe o profesorado da UDC.